

PALABRAS DE UXÍO NOVONEYRA REY NA PRESENTACIÓN DE *TEMPO DE ELEXÍA* NA FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO

VENRES 7 DE MAIO DE 2010

Donas e cabaleiros,

para min é un prazer estar eiquí con vós nesta presentación do libro *Tempo de Elexía*, de meu pai.

En primeiro lugar debo agradecerllo a Henrique Alvarellos. Inda recordo o primeiro día que nos citamos el, miña mai e mais eu, porque quería propoñernos a reedición das elexías de meu pai. Unha tarde chuviosa e grisalla compostelana.

Belidamente grisalla, o cal só se pode dar na nosa atlntica Galicia, na súa cidade de pedra.

Quería reeditar o libro de elexías na colección Rescate da súa editorial, Alvarellos. Eu era a primeira vez que o vía, inda sendo os dous galegos lugueses, pero seguía os seus artigos e sabía que o seu pai era fundamente aprezado polo meu como dinamizador cultural, editor, poeta e tantos outros eidos xeradores de coñecemento do noso e do todo sempre van xuntos. A editorial Alvarellos e a Colección Rescate non me eran alleos. Xunto ao grande decorrer da primeira, sempre traendo obras tan coidadas, esta colección supón a recuperación de obras e textos de autores galegos inéditas ou quase, que supoñan un punto de orixinalidade no seu devalar biobibliográfico. Ademais da delicadeza, senbilidade e beleza no cuidado físico dos títulos que a conforman non vou desgranar nada mais da mesma en orde a tentar que vos acheguedes a ela cun ollar propio e primeiro.

Simplesmente dicir que o Grande Lugo cabeza da galicia, verdadeira, labrega, donde fraguou a pecha amizade entre Alvarellos pai e Novoneyra hoxe pode ser unha sombra lonxana, pero seguro que ledos nesa nebra celebrarían e celebran esta simbiose entre as súas testemuñas vitais.

No desenvolvemento deste traballo de reedición hai que agradecer o agarimo, esforzo multinivel e control dos tempos co que Henrique afrontou a súa laboura de editor,



Henrique Alvarellos e Uxío Novoneyra, durante a presentación.



contemporizando de xeito excelente estes últimos coa xa, mitificada e lenda, teima de meu pai de hipercorrección dos textos e súa integración nos libros e a non tolerancia do máis mínimo acomodo ortopédico, como diría meu quase tío, Carlos Oroza, da verba aos cánones que detentan ou teiman detentar o poder de coacción castradora da riqueza da nosa lingua, popular e literaria.

A lingua patria, a lingua galega, son todos os galegos do idioma galego, todos os galegos de Galicia. Agradecen dende a familia ese, ademais tan agarimoso, respecto pola nosa toma de posicionamento herdada, as coidadoras do texto, miña nai Elba e Rocío.



Acto de presentación na Feira do Libro de Santiago.

Non podo rematar a descrición do traballo sen reseñar unha aportación máis, a aportación rectora e sabio guieiro do que eu lle escoitei dicir a meu pai que quizaves era o home que máis sabía de poesía de toda Galicia, o que chamaba “o pequeno dos Brais Pinto”, e que xunto a Herminio Barreiro e Daniel Pino, regaláballe a ledicia dos pontevedreses, o mestre, Luis Cochón, o cal foi, penso que para el, para Luis unha volta a mocidade e a presenza da amizade entre os dous, xa que el presenciou e axudou a súa primeira edición. Trouxonos Cochón a meu pai, a Herminio, a Reimundo Patiño, a Daniel Pino, ao Gris Gandío, a Carlos Maside, a Viola e a súa amante, a Camus, entre moitos outros, a Liberdade.

As elexías son tan descoñecidas eiqui e agora coma primarias na poesía de meu pai, só ensombrecidas pola omnipresencia dos Eidos, no seu devalar. Sei que para el, eran un tesouro. Demostrano o ser as máis reproducidas nos caligramas.



A partir de agora traerei en paráfrase as verbas de miña irma, Branca-Petra, sobre elas, tentarei traer a sensibilidade súa, na que identifico as elexias:

Tempo de Elexía é o libro de Uxío máis próximo á miña xeración, unha xeración profundamente individualista e desmobilizada para o colectivo.

Nel fálanos da soidade, da perda, do Amor e da Morte en poemas de poucos versos - case como mensaxes - que nos preguntan, que nos sosteñen no baleiro e nos enfrontan a imposibilidade de xustiza e liberdade social.

Creo que si Uxío quedara a vivir en Madrid, se non volvera ó Caurel, a súa poesía posterior sería moi distinta. Poesía e vida unidas foron unha teima da que nunca desistiu.

A Uxío emocionáballe moito unha frase de Pessoa: “*A miña patria é a lingua portuguesa*”. Tamén para el a lingua recollía unha forma de vida, expresaba unha visión diferencial da realidade.

Negar a memoria colectiva acelera a nosa extinción. Así que hoxe asistimos ó noso suicidio colectivo. Non nos enganemos, negar a nosa diferenza non nos globaliza, nin nos fortalece, non nos fai máis preparados. Fainos febles, máis vulnerables á manipulación política, por ela caemos na ignorancia e nos embruteceamos. Apunto eu aguantar a coacción, a falla da liberdade, polo medo ao poder, nos leva a ser gleba, carne da Historia.

A Lingua danos a posibilidade de existir plenamente, de posuír unha visión clara do múltiple e achegarnos con seguridade a outros idiomas e comunicarnos neles.

Pero o noso pensamento máis fondo, no que acadamos a nosa individualidade máis potente, reside na Lingua galega, por que é a nosa, aínda que non a falemos. E non poderemos asumir certas emocións e conceptos que están na base da nosa cultura. Sempre seremos apátridas, desligados do noso, inseguros e perdidos para o futuro.

Só os pobos que se enraízan no seu, poden sobrevivir neste mundo globalizado. Só entón podemos asumir referencias múltiples e conectarnos. Pero para ser algo, para Ser, hai que conservar as raíces profundas, para poder viaxar e coñecer os outros, os que son diferentes a nós e atopalos noutras culturas, noutras espazo, iguais na inmortalidade longa, patrimonio dos pobos, non do individuo.

Con *Tempo de Elexía* Uxío abriu un camiño enraizado no seu que uniu coa súa experiencia fora de Galicia. Atopou unha vía para vivir intensamente sen negar as súas raíces. Asumiu múltiples referencias doutras culturas, doutras linguas, e fundiunas nesta poética.

Este libro posúe esa mirada universal que contén as preguntas que sempre nos ocupan. Rescata o noso diferencial e nos conecta coa visión universal, a que compartimos sobre o Amor e a ilusión, e tamén sobre a perda e a Morte...

Dice Ferrin que Novoneyra é un vate que comparez na assemblea comunal, cun versículo augural pola patria, pola liberdade. Ou pola ausencia da patria e da liberdade.



alvarellos

EDITORA

Por que queremos preguntarnos sobre o que realmente nos sucede, temos unha viaxe alucinante na poesía. Nesa viaxe Uxío trazou un *tempo de elexía*, unha liña de unión entre o que nos particulariza e o que nos une tanto na poesía como na vida.

Muitas gracias

editores de COMPOSTELA



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info